

Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GUARDA, A****Persoal, oposicións**

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, DE UNHA (1) VACANTE DE OFICIAL DE POLICÍA LOCAL

EXPEDIENTE 898/2025

ANUNCIO BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, DE UNHA (1) VACANTE DE OFICIAL DE POLICÍA LOCAL INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2019 DO CONCELLO DA GUARDA.

PRIMEIRA.- Obxecto.

1.- As presentes bases teñen por obxecto a regulación do proceso selectivo para a cobertura, por persoal funcionario de carreira e mediante promoción interna vertical, de UNHA (1) vacante de Oficial prevista no cadro de persoal do Concello da Guarda e que foi sido obxecto de inclusión na OEP do exercicio 2019 .

2.- Características das vacantes convocadas.

Denominación: Oficial

Clasificación: Grupo C, subgrupo C1.

Xornada de traballo: Completa

Retribucións: As básicas correspondentes ao grupo de clasificación profesional e as complementarias fixadas na plantilla de persoal no orzamento municipal para os postos de Oficial.

SEGUNDA.- Publicidade.

As convocatoria publicárase no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal. O texto completo das bases reguladoras do presente proceso de selección se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal do Concello da Guarda. Igualmente, procederáse á publicación dun anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE) e no Diario Oficial de Galicia (DOG). Os anuncios sucesivos inseriranse tan só no BOP (resolución de listaxe definitiva de admitidos e nomeamento e convocatoria do tribunal para inicio proceso) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (agás os relativos aos nomeamentos finais, cuxa publicidade se realizará, tamén, no DOG).



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

TERCEIRA.- Réxime normativo aplicable.

As correspondentes convocatorias e procesos selectivos rexeranse polo disposto nas presentes bases, e en todo o non previsto por elas, pola seguinte normativa:

a) Disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma de función pública, na redacción dada a este pola Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

c) Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

d) Lei 2/2015, do 9 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).

e) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

f) Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime Local, aprobado por Real Decreto 781/1996, do 18 de abril.

g) Real Decreto 896/ 1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos aos que se debe axustar o procedemento de selección de funcionarios de Administración local.

h) Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

i) Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público

j) Adicionalmente, en todo o non previsto nas presentes bases e na anterior normativa, polo regulado no Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

k) Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

l) Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

m) Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

n) Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma cos concellos na selección de membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

CUARTA. Requisitos dos aspirantes.

Para poder participar neste proceso de promoción interna vertical os aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, os requisitos que de seguido se relacionan:

- a) Ter nacionalidade española.
- b) Ter feitos os dezaioito anos e non exceder, de ser o caso, a idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión da titulación académica de bacharel ou técnico. Así mesmo, observárase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario de que a persoa fose separada ou inhabilitada. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación conforme as normas penais e administrativas, que a persoa aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- f) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.
- g) Ser funcionario/a de carreira na categoría de policía local no concello da Guarda.
- h) Estar en servizo activo na categoría de policía local no corpo de policía do Concello da Guarda.
- i) Ter unha antigüidade mínima de tres anos continuados na categoría de policía. Para o seu cómputo teranse en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivese a consideración de persoal funcionario en prácticas, así como os períodos durante os cales se encontrase en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación.
- j) Estar en posesión do nivel de CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega). En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, segundo o previsto nas presentes bases, e que cualificará ao aspirante como apto ou non apto.

QUINTA.- Presentación de solicitudes.

As solicitudes para tomar parte no proceso presentaranse no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 09:00 h. a 14:00 h.), e no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da respectiva convocatoria no BOE. Igualmente, as ditas solicitudes tamén se poderán presentar por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou naquelas outras previsións normativas concordantes e/ou substitutivas deste artigo).

Xunto coa dita solicitude (que deberá incluír, así mesmo, declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación, de acordo co modelo de instancia contido no Anexo II das presentes bases), os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade do aspirante.

b) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación sinalados nas presentes bases.

c) Título de titulación académica de bacharel ou técnico ou equivalente.

d) Acreditación documental de posuír, de ser o caso, o coñecemento da lingua galega requirido nas presentes bases.

e) Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa dos mesmos (o aspirante deberá aportar o modelo de relación de méritos contido no Anexo III).

Documentación acreditativa dos méritos alegados. Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes. Se non se presentara fotocopia do mérito alegado no prazo indicado, se solicitará do aspirante a aportación da mesma, outorgándolle para elo un prazo de tres días hábiles dende que se lle requira.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, ou outro órgano competente ao efecto, que acredite tal condición; debendo achegar, así mesmo, certificado dos citados órganos, ou da administración sanitaria competente, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes. Debendo advertir, igualmente, xunto á



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

presentación da solicitude, de ser o caso, se precisaran algún tipo de adaptación nas probas a desenvolver.

SESTA.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía aprobará, no prazo máximo dun mes, a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se fará pública no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Na dita Resolución indicárase a relación dos admitidos e excluídos e, no seu caso, as causas de exclusión. Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos, disporán dun prazo improrrogable de 10 días hábiles, que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para corrixir os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión da lista de admitidos.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo.

As alegacións/emendas serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía (que será obxecto de nova publicación no BOP, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal), e na que se aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos; na mesma, tamén se determinará a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de oposición).

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello.

SÉTIMA.- Tribunal cualificador.

1) Os membros do tribunal cualificador serán designados por Resolución da Alcaldía segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro. Artigo 48 do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Comunidade Autónoma de Galicia en Materia de Igualdade.

2) O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, todos eles con voz e voto, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e tres vogais, tendo en conta á paridade entre homes e mulleres e a súa composición haberá de axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade das persoas que os integren.



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

3) A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou laboral temporal, o persoal eventual, e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

4) O tribunal, previo nomeamento por Resolución de Alcaldía, poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando as circunstancias así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas.

5) A Presidencia, xuntamente coa lista de admitidos, publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello www.aguarda.sedelectronica.gal a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

6) Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Sr. Presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

7) O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso.

8) A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e procedemento administrativo común e as bases reguladoras de esta convocatoria.

9) No caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

10) Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso selectivo ó amparo da lexislación vixente.



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

OITAVA.- Comezo e criterios xerais do desenvolvemento do proceso selectivo.

Coa resolución comprensiva da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a publicar no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de oposición).

O sistema selectivo empregado será o concurso-oposición, debendo desenvolverse, con carácter previo, a fase de oposición.

O resultado da fase de oposición farase público mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, antes de iniciarse a fase de concurso; nel figurará a puntuación obtida na devandita fase. Igualmente, en dito anuncio tamén se fixará a data, hora e lugar de celebración da fase de concurso. Os sucesivos anuncios sobre puntuación así como aqueles outros anuncios que poidan proceder, efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

O primeiro exercicio da fase oposición será de carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes, en tanto que o segundo tan só debера ser realizado por aqueles aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido, segundo o apartado d) da base cuarta (CELGA 4, ou equivalente); que serán cualificados como aptos ou non aptos).

Durante o desenvolvemento da fase de oposición, os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

NOVENA.- Sistema selectivo.

O sistema selectivo será o de concurso-oposición. O proceso selectivo se desenvolverá con arranxo ás seguintes fases: unha primeira de oposición e unha segunda fase de concurso. Finalizada á fase de oposición, se procederá á valoración dos méritos da fase de concurso das persoas aspirantes que superasen a fase de oposición.

9.1-Fase oposición:**PRIMEIRO EXERCICIO:**

De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test relacionado co temario indicado no Anexo I nas bases, que constará de 120 preguntas con 4 alternativas de resposta. A proba terá unha duración máxima de dúas horas.

O cuestionario terá 5 preguntas de reserva, cada unha con 4 respostas alternativas e só unha correcta.



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

As preguntas de reserva, que deberán ser contestadas obrigatoriamente polos aspirantes, substituirán pola súa orde ás do cuestionario que se anulen. Para o caso de anularse un número de preguntas superior ao de reserva, a puntuación do exercicio calcularase proporcionalmente ao número de cuestións válidas.

Cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N=(AF/3)/12$. Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non respondidas.

SEGUNDO EXERCICIO:

De carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá na resolución dun caso práctico relacionado co temario, que as persoas aspirantes terán que desenvolver no tempo máximo dunha hora e que deberán ler ante o órgano de selección.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixidos para acadar a puntuación mínima. Os criterios xerais de corrección desta proba serán os seguintes:

1. O tribunal apreciará a aproximación á descrición e ao contido da normativa aplicable no esencial; esta puntuación incrementarase ou diminuírase na correspondente proporción en función da súa aproximación ao dito contido.

2. Terase en conta a concreción das respostas dadas, a motivación destas e o feito de completar todas as singularidades de cada resposta segundo o establecido na normativa reguladora que ampara as respostas de cada unha delas.

TERCEIRO EXERCICIO:

De carácter obrigatorio só para aqueles aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. Así, os aspirantes que non acrediten posuír, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de coñecemento do galego requirido (CELGA 4), nos termos do previsto no apartado d) da base cuarta das presentes normas, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega. Dita proba consistirá en traducir un texto (facilitado polo Tribunal, inmediatamente antes de celebrarse a proba), e sen axuda de dicionario, do castelán ao galego. Esta proba terá unha duración máxima de 30 minutos e cualificará aos aspirantes como “apto” ou “non apto”, correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto; quedando eliminados do proceso selectivo aqueles aspirantes que non acaden dita cualificación de apto. Os aspirantes que non acrediten posuír o CELGA 4 (ou equivalente), ou que, alternativamente, non teñan sido declarados aptos na proba específica de galego, non superarán o proceso.



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

Puntuación final da fase de oposición. A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións da primeira proba (proba de coñecementos) e da segunda proba (caso práctico), sendo necesario acadar en cada unha das probas un mínimo de 5 puntos, así como obter a cualificación de apto/a na terceira proba (proba de avaliación da lingua galega) para superar o proceso selectivo.

9. 2.- Fase de concurso.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

Na devandita fase, avaliaranse os méritos segundo a seguinte táboa:

A. Titulacións académicas oficiais:

Tendo en conta o previsto no artigo 76 e na disposición transitoria terceira do Estatuto Básico do Empregado Público, as titulacións a baremar serán as seguintes:

- título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza a mesma e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

A valoración máxima deste epígrafe será de 4 puntos.

B. Antigüidade:

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos e forzas de seguridade: 0,10 puntos.



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

A valoración máxima deste epígrafe será de 4 puntos.

C. Formación e docencia.

C.1. Formación profesional continua:

Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.
- Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

A.3.1.2. Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
- Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 puntos.
- Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 puntos; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguranza; os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso.

C 2. Docencia:

A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, e a participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza,



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

desenvolvidos nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

A valoración máxima deste apartado (formación e docencias) será de 8 puntos.

D. Distincións e recompensas oficiais.

- Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
- Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.
- Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.
- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- Distincións do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

A valoración máxima deste epígrafe será de 2 puntos

E. Idiomas.

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de Escola Oficial de Idiomas, se valorará a razón de:

- Ciclos.
 - Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 puntos.
 - Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 punto.
- Niveis.
 - Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
 - Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
 - Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

Puntuación máxima deste apartado: 4,00 puntos.

F .- Lingua galega.

- Celga 1: 0,25.
 - Celga 2: 0,50.
 - Celga 3: 0,75.
 - Celga 4: 1,00.
1. Curso de iniciación: 0,75.
 2. Curso de perfeccionamento: 1,00.



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

3. Curso de linguaxe administrativo nivel medio: 1,50.

4. Curso de linguaxe administrativo nivel superior: 2,00.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

Puntuación máxima deste apartado: 2,00 puntos.

G.- Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores.

- Permiso por parto, adopción ou acollemento (artigos 121 e 122 LEPG) 0,2 puntos/permiso
- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo (artigo 124 LEPG): 0,2 puntos/permiso
- Redución de xornada do artigo 106.2.a) e b) da LEPG: 0,04 puntos. 0,04 puntos/mes
- Excedencia para o coidado de familiares: 0,04 puntos/mes completo. (Os meses serán computados por días naturais (30 días) 0,04 puntos/mes

A valoración máxima deste epígrafe será de 1 punto.

Os méritos valoraranse con referencia á data en que remate a presentación de instancias.

9. 3.- Cualificación final. Proposta de selección.

Co fin de determinar a puntuación total de cada persoa aspirante no proceso selectivo, levarase a cabo unha ponderación das puntuacións obtidas nas dúas fases de oposición e concurso, tomando como puntuación máxima na fase de oposición seis (6) puntos e na fase de concurso catro (4) puntos. Para isto, aplicárase unha regra de tres simple ás puntuacións obtidas por cada persoa aspirante na fase de oposición e na fase de concurso, tendo en conta a puntuación máxima que é posible obter en cada unha delas antes da ponderación. Os respectivos resultados, que se expresarán cun máximo de tres decimais sen redondeo, sumaranse co obxecto de obter a puntuación total final.

Para a superación do proceso e, polo tanto, optar á cobertura da vacante ofertada, os aspirantes deberán ter superado todos os exercicios da fase de oposición; de non ser así, poderanse declarar deserta a vacante convocada.

- Criterios de desempate: No caso de producirse un empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes, aplicáranse os seguintes criterios de prelación ata que se produza o desempate:
 - a) Preferencia á muller, mentres se manteña a infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos expresados polo artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
 - b) Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior e así de xeito sucesivo.



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

c) Primarase a puntuación máis alta referida aos méritos na epígrafe de formación profesional.

d) Primarase a posesión de titulación académica de máis nivel.

2. No caso de persistir o empate despois da aplicación dos criterios anteriores, realizarase un sorteo entre as persoas aspirantes .

O Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta provisional de selección ante a Alcaldía- Presidencia, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicárase na Sede Electrónica do Concello.

Así mesmo, o órgano de selección elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva cun número de persoas aspirantes que será, como máximo, igual ao de persoas aprobadas. Na lista de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso, non resultaron aprobadas por obter unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

Este proposta, que será recollida nun acta, será publicada na Sede Electrónica da Corporación, en base ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en tanto a Administración estima que a notificación efectuada a un só interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos os posibles interesados.

Contra a puntuación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar alegacións ou reclamacións, ante o propio tribunal, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da puntuación na sede electrónica da Corporación, en caso de non ser presentadas alegacións ou reclamacións, esta proposta provisional será elevada a definitiva de xeito automático.

9.4. Presentación de documentación.

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Electrónico do Concello a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI.

b) Certificado Médico Oficial acreditativo de non encontrarse incluído/a en ningunha das causas de exclusión física ou psíquica que impidan ou menoscaben a capacidade funcional ou operativa necesaria para o desempeño das funcións propias da Policía.

c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente;

d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado do número de conta bancaria;



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

O prazo de presentación será de 5 (cinco) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación ou notificación do primeiro chamamento na Sede Electrónica da Corporación, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas debidamente acreditadas de forza maior.

Se dentro do prazo expresado, e salvo causas de forza maior debidamente acreditadas, os aspirantes propostos polo Tribunal non presentasen a documentación, ou do exame da mesma, deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos nas Base, renuncien, ou o resultado do recoñecemento médico fose “non apto” non poderán ser nomeados para ocupar as prazas obxecto das correspondentes convocatorias e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na instancia inicial; e realizarase unha nova proposta de nomeamento a favor da seguinte persoa aspirante da relación proposta polo Tribunal cualificador das probas e méritos.

DÉCIMA.- Finalización do proceso selectivo. Nomeamento como funcionario en prácticas. Curso selectivo de formación.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas na categoría de oficial, mediante resolución da correspondente alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

As persoas así nomeadas permanecerán na devandita situación desde o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

O curso selectivo de formación será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública na que se indicará a data de inicio.

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevinda ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado substituirase á persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

As persoas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de oficial, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 33.2 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, e nos artigos 32 e 56 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de desenvolvemento desta lei.



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono de leste sen finalizalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso de acceso por promoción interna.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso.

Aos funcionarios e funcionarias en prácticas seralles de aplicación o Regulamento de réxime interior da Academia Galega de Seguridade Pública publicado mediante Orde do 4 de febreiro de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no DOG núm. 30, do 12 de febreiro, durante o curso de formación e o período de prácticas, e con carácter supletorio, cando os feitos non constitúan falta no devandito regulamento, seranlles de aplicación as normas do réxime disciplinario da policía local de Galicia recollidas na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, e normativa de desenvolvemento.

A cualificación do curso de formación e do período de prácticas quedará en suspenso ante a concorrencia sobrevinda de calquera causa de exclusión ata que non se resolva o expediente que se incoe.

UNDÉCIMA. Nomeamento como persoal funcionario de carreira e toma de posesión.

O nomeamento como funcionario de carreira, na categoría convocada, efectuarse unicamente acreditando a superación do curso de capacitación obrigado para o acceso á categoría convocada. O nomeamento como funcionario de carreira efectuarase polo Alcalde unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos.

O nomeamento efectuado publicarase no Diario Oficial de Galicia sen prexuízo da súa notificación persoal.

DUODÉCIMA.- Incidencias e réxime de recursos.

En todo o non previsto nas presentes bases o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; procurando, na media do posible, o anonimato dos/as aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas e, todo elo, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Así mesmo, o tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aqueles aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta nos exercicios das probas selectivas; así como solicitar dos aspirantes as aclaracións complementarias que estime precisas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:M3K3BHVNI19XH9F



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

Estas bases e correspondente convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven destas, e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados, polos interesados, tanto en vía administrativa como contenciosa, nos casos e na forma establecidos pola normativa aplicable ao respecto. Ademais, contra os acordos do Tribunal, os aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte a data da súa publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal. O prazo quedará suspendido se o aspirante solicita que se lle poña de manifesto o expediente, polo prazo que transcorra entre a solicitude e o día no que se lle poña de manifesto, establecéndose o prazo máximo de suspensión en 10 días hábiles. As reclamacións deberán ser resoltas polo órgano de selección, debendo ser publicadas no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal do Concello, sen prexuízo da súa notificación aos reclamantes. A publicación se efectuará xunto co anuncio do lugar e data de celebración do seguinte exercicio (salvo que sexa o último). Contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao tribunal (Alcalde) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

O Alcalde

Roberto José Álvarez Carrero

Documento asinado electronicamente

ANEXO I. TEMARIO.-

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguridade. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

3. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución. Dereitos fundamentais e liberdades II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. Tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguridade.

4. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e á liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguridade. Dereito de petición.

5. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías de dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:M3K3BHVNI19XH9F



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

6. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

7. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

8. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. Mención ao Tribunal Superior de Xustiza.

9. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

10. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

11. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición, o recurso extraordinario de revisión.

12. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

13. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

14. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias.

15. A organización e funcionamento do municipio. O pleno. O alcalde. A xunta de goberno local. Outros órganos municipais.

16. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

17. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

18. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

19. Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. Funcións da policía local.

20. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

21. A actividade da policía local como policía administrativa I. Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

22. A actividade da policía local como policía administrativa II. Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

23. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

24. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal.

25. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

26. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

27. Delitos contra a Administración pública.

28. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.

29. Homicidio e as súas formas. Delitos contra as persoas.

30. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

31. Delitos contra a saúde pública. Tráfico de drogas.

32. Delitos contra a seguridade viaria. Delitos cometidos con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.

33. As penas. Concepto, clases: privativas de liberdade, privativas de dereitos e multa. Clasificación pola súa gravidade: graves, menos graves e leves.

34. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.

35. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Deberes do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereitos do detido. Responsabilidades penais en que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.

36. Lei de seguridade viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

37. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.

38. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade. Circulación por zonas peóns. Comportamento en caso de urxencia.

39. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

40. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmovilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.



Mércores, 22 de xullo de 2026

Núm. 138

41. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local.
42. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Doutrina constitucional. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.
43. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.
44. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.
45. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e subordinados. Equipos de traballo e atención á cidadanía.
46. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.
47. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.
48. O mando: concepto, estilos, calidades, trazos, regras e características do mando; relación con subordinados; técnicas de dirección e reunións.
49. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.
50. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo á cidadanía. Colaboración con outros servizos municipais.

ANEXO II

O anexo II que contén o modelo de instancia para a participación no proceso selectivo de promoción interna de Oficial da Policía Local publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello da Guarda a partir da publicación da súa convocatoria

ANEXO III

O anexo III que contén o modelo de relación de méritos no proceso selectivo de promoción interna de Oficial da Policía Local publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello da Guarda a partir da publicación da súa convocatoria

